


III SEMINARIO SOBRE A MEMORIA

“A GUERRILLA E OS CAMPOS DE CONCENTRACIÓN”

MELIDE - RIANXO

1, 2 e 3 de xuño de 2012



IES FELIX MURIEL
RIANXO



**III SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“A GUERRILLA E OS CAMPOS DE CONCENTRACIÓN”**

Melide – Rianxo, 1, 2 e 3 de xuño de 2012

Xustificación

A convocatoria do Seminario pretende suxerirles aos asistentes una reflexión sobre o fenómeno da guerrilla que posibilite un mellor coñecemento do noso pasado máis recente. Tal pretensión arela provocar tamén que a actualización dos coñecementos sobre os guerrilleiros contribúa, no alumnado indirectamente beneficiario da reflexión, á comprensión do presente e á adopción dunha actitude responsable e solidaria na defensa da liberdade, sen perder nunca a consciencia de cales son os dereitos e as obrigacións de cadaquén.

Obxectivos da actividade

1. Identificar, analizar e explicar, situándoos no tempo e no espazo, os feitos, personaxes, problemas, etapas e proceso máis significativos dos campos de prisioneiros no Barbanza.
2. Distinguir e valorar os trazos permanentes dos procesos de transformación e cambio nos diferentes períodos, analizándoos desde a realidade dos nosos días.
3. Situar este proceso histórico no contexto de España.
4. Estudar e analizar diferentes aspectos básicos da evolución histórica de Galiza.
5. Contribuír ao desenvolvemento dunha sensibilidade comprometida, responsable e activa coa democracia e os dereitos humanos.
6. Contribuír á consolidación de actitudes e hábitos de tolerancia e solidariedade entre os diversos pobos de Estado.

PROGRAMA

VENRES, 1 DE XUÑO

Tarde. Instalacións do IES Melide.

Sesión 1

HORA	CONTIDO
16.30 h. 17.00 h.	RECEPCIÓN E ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN
17.00 h. 17.30 h.	ACTO DE INAUGURACIÓN DO SEMINARIO
17.30 h. 18.45 h.	PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL: “A MEMORIA NOS TEMPOS DO VOLFRAM”, de Antonio Caeiro
18:45 h. 19:00 h.	Descanso café
19:00 h. 21:00h.	CONFERENCIA INAUGURAL E COLOQUIO “A GUERRILLA E AS MINAS DE VOLFRAN” Francisco Martínez-López “Quico” . guerrilleiro Xaquín Yebra-Pimentel . profesor do IES de Melide
22.00 h.	CEA COLECTIVA
	<i>EXPOSICION FOTOGRAFICA</i>

**III SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
"A GUERRILLA E OS CAMPOS DE CONCENTRACIÓN"**

Melide – Rianxo, 1, 2 e 3 de xuño de 2012

SÁBADO, 2 DE XUÑO

Mañá. O BARBANZA.

Sesión 2

09.00 h.	Saída para O Barbanza.
11.30 h.	<u>Traballo de campo.</u> <i>Percorrido polos espazos vitais dos prisioneiros no franquismo. Padrón</i> Xesús Costa Rodil , mestre e historiador Xesús Santos Suárez , mestre e historiador Francisco Martínez-López "Quico" , guerrilleiro Xaquín Yebra-Pimentel , profesor do IES de Melide Carlos Cimadevila Álvarez , profesor do IES "Félix Muriel"
11.30 h.	Descanso café
12.00 h.	
12.00 h.	<u>Traballo de campo.</u> <i>Percorrido polos espazos vitais dos guerrilleiros no franquismo. Visita ás minas de San Finx</i>
14.00 h.	Xesús Costa Rodil , mestre e historiador Xesús Santos Suárez , mestre e historiador Francisco Martínez-López "Quico" , guerrilleiro Xaquín Yebra-Pimentel , profesor do IES de Melide Carlos Cimadevila Álvarez , profesor do IES "Félix Muriel"
14.00 h.	Xantar de campo.

Tarde. MUROS

Sesión 3

16.00 h.	<u>Traballo de campo.</u> <i>Percorrido polos espazos vitais de prisioneiros no franquismo. Muros</i>
19.00 h.	Xesús Costa Rodil , mestre e historiador Xesús Santos Suárez , mestre e historiador Francisco Martínez-López "Quico" , guerrilleiro Xaquín Yebra-Pimentel , profesor do IES de Melide Carlos Cimadevila Álvarez , profesor do IES "Félix Muriel"

Tarde. MUROS-RIANXO

Sesión 4

19.00 h.	Viaxe ata Rianxo pola ruta seguida polo transporte de prisioneiros dende
20.00 h.	Padrón a San Pedro de Muros.
20.00 h.	Descubrimento dunha placa de homenaxe á escola da República (acto organizado polo Concello de Rianxo).
22.00 h.	CEA COLECTIVA

**III SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“A GUERRILLA E OS CAMPOS DE CONCENTRACIÓN”**

Melide – Rianxo, 1, 2 e 3 de xuño de 2012

DOMINGO, 3 DE XUÑO

Mañá. RIANXO

Sesión 5

09.00 h.	<u>Traballo de campo. Percorrido polos espazos vitais de prisioneiros no franquismo. Rianxo</u>
11.00 h.	Xesús Costa Rodil , mestre e historiador Xesús Santos Suárez , mestre e historiador Francisco Martínez-López “Quico” , guerrilleiro Xaquín Yebra-Pimentel , profesor do IES de Melide Carlos Cimadevila Álvarez , profesor do IES “Félix Muriel”
11.00 h.	Descanso café
11.30 h.	
11.30 h.	RECEPCIÓN EN RIANXO
12.00 h.	- Coordinador oficial do Seminario - Presidente da Asociación Cultural <i>Barbantia</i> - Director do IES “Félix Muriel” - Alcalde de Rianxo
12.00 h.	PROYECCIÓN DO DOCUMENTAL: “AILLADOS, A HISTORIA DA GUERRA CIVIL EN GALICIA” de Antonio Caeiro
13.00 h.	
13:00	COLOQUIO
14:00	“OS CAMPOS NO BARBANZA” Xesús Costa Rodil , mestre e historiador Xesús Santos Suárez , mestre e historiador
14.00 h	Xantar de campo

Tarde. RIANXO

Sesión 6

16.00 h.	<u>Asemblea de campo:</u>
18.00 h.	AVALIACIÓN DO SEMINARIO, CONCLUSIÓNS E CLAUSURA

III SEMINARIO SOBRE A MEMORIA “A GUERRILLA E OS CAMPOS DE CONCENTRACIÓN”

Melide – Rianxo, 1, 2 e 3 de xuño de 2012

VALORACIÓN EN HORAS

20 HORAS (en trámite a homologación da actividade por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria).

DESTINATARIOS/AS

Profesorado de Ensino Primario e Secundario en xeral.

NÚMERO MÁXIMO DE PARTICIPANTES

50, por rigorosa orde de inscrición.

CUSTO DA MATRÍCULA

(A matrícula inclúe os traslados en autobús e os xantares de campo)

Ata o 27 de maio de 2012:

Socios/as de *Nova Escola Galega*: 30 euros.

Estudantes e parados/as: 40 euros (é precisa xustificación documental).

Cota ordinaria: 60 euros.

A partir do 28 de maio de 2012:

Socios/as de *Nova Escola Galega*: 40 euros.

Estudantes e parados/as: 50 euros (é precisa xustificación documental).

Cota ordinaria: 70 euros.

FORMA DE PAGAMENTO

Transferencia bancaria á conta de Nova Escola Galega en NOVAGALICIA BANCO

nº de conta: 2080 – 0300 – 85 – 3040089500

INSCRICIÓN

Achega da ficha de inscrición xunto co xustificante do pagamento

A ficha de inscrición pode atoparse na páxina web de Nova Escola Galega (www.nova-escola-galega.org)

ALOXAMENTO EN MELIDE

Pousada <i>Chiquitín</i>	981 815 333	30 € individual / 40 € dobre, aprox. (http://www.pousadachiquitin.es/gallego.htm)
Hostal <i>Sony</i>	981 505 473	24 € individual / 35 € dobre, aprox.
Hotel <i>Xaneiro II</i>	981 506 140	35 € individual / 45 € dobre / 60 € triple, aprox. (http://www.xaneiro.com)
Hotel <i>Carlos 96</i>	981 507 633	35 € individual / 45 € dobre, aprox. (http://www.hc96.com/indexga.html)
Parrillada <i>El Molino</i>	981 506 048	20 € dobre, aprox.

ALOXAMENTO EN RIANXO

Casa Antiga de San Xosé	981 860 132	25 € individual / 50 € dobre, aprox. (http://casaantiguadesanjose.blogspot.es)
Casa Isolina – Taragoña	981 861 960	30 € individual / 60 € dobre, aprox. (http://www.isolina-turismo.com)
Casa Pachín – Taragoña	981 861 211	20 € individual / 40 € dobre, aprox. (http://www.arosanorte.net/Restaurant%20Pachin%20Rianxo.htm)

**III SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“A GUERRILLA E OS CAMPOS DE CONCENTRACIÓN”**

Melide – Rianxo, 1, 2 e 3 de xuño de 2012

ORGANIZAN

DEPARTAMENTO DE CCSS DO IES MELIDE
DEPARTAMENTO DE CCSS DO IES “FÉLIX MURIEL” – RIANXO
NOVA ESCOLA GALEGA
A. C. BARBANTIA

CONTACTOS

Nova Escola Galega
Tfno/Fax: 981 562 577
neg@mun-do-r.com
www.nova-escola-galega.org

COLABORAN

CONCELLO DE MELIDE
CONCELLO DE RIANXO
CONCELLO DE LOUSAME
REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN

**III SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“A GUERRILLA E OS CAMPOS DE CONCENTRACIÓN”**

Melide – Rianxo, 1, 2 e 3 de xuño de 2012

RELATORES

XESÚS COSTA RODIL



Mestre xubilado e historiador. Nado no Concello de Cervo, na Mariña luguesa, rianxeiro tamén por vontade dende hai máis de trinta anos e Licenciado en Filosofía e Letras, é autor de diferentes obras de temática histórica. Membro da Asociación *Barbantia*, participou no seu primeiro ‘Anuario de Estudos’ e na publicación colectiva, número dous da biblioteca *Barbantia*, *Voces na guerra*. Coautor de varios libros sobre a guerra civil en Galicia, realizou unha análise dos campos de concentración franquistas de prisioneiros republicanos.

FRANCISCO MARTINEZ LÓPEZ “QUICO”



Naceu no 1925 en Cabañas Raras. Neste lugar do Bierzo creceu no seo dunha familia campesiña, e desde os 17 anos colabora coa oposición antifranquista. Posteriormente súmase aos grupos guerrilleiros que se enfrontaron coas armas á ditadura.

Na clandestinidade armada desde 1947, foi membro da mítica guerrilla de Manuel Girón, que mantivo entre Galiza e León unha inxente actividade de combate e propaganda até o ano 1951 no que, nunha evasión chea de perigos, consegue penetrar en Francia, país onde se exilia e continúa as súas actividades antifranquistas.

XESÚS SANTOS SUÁREZ



Nado no 1936, Xesús Santos é o que podemos chamar un polígrafo. O mesmo lle peta á poesía que investiga sobre historia local de Rianxo ou de Galicia. Leva no grupo de teatro *Airiños*, o decano de Galicia, moitos anos. É actor, escribe ensaio, participa en varias asociacións culturais relevantes... Foille concedido o “Sireno á traxectoria cultural” desde a Asociación *Barbantia*, que el axudou a fundar. É coautor con Xesús Costa de varios libros sobre os campos de concentración na zona do Barbanza durante a guerra civil.

XAQUÍN YEBRA PIMENTEL



Na actualidade é profesor de Xeografía e Historia do IES de Melide. Naceu en Chantada e fixo os seus estudos de Bacharelato en Santiago e Letras entre Londres e Toulouse. Tiña só 17 anos cando se viu diante do temible Tribunal de Orden Público do franquismo. Era o ano 1970 e militaba no Partido Comunista Internacional, unha escisión do PCE, razón suficiente para pasar unha tempada no cárcere acusado de asociación ilícita e propaganda ilegal. A el acabárono absolvendo, pero un dos seus compañeiros de detención e cadea, o vigués Humberto Baena, ía ser un dos últimos cinco fusilados do franquismo cinco anos despois. Xaquín Yebra colabora coa agrupación chantadina do

Colectivo pola Recuperación da Memoria Histórica.

III SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
"A GUERRILLA E OS CAMPOS DE CONCENTRACIÓN"

Melide – Rianxo, 1, 2 e 3 de xuño de 2012

DOCUMENTAIS

A MEMORIA NOS TEMPOS DO VOLFRAM



Dirección: Antonio Caeiro.
Orixe: Galiza,
Ano: 2003
Duración: 55 min.
Xénero: Documental.
Música: Arturo Solar.
Son: Pablo barreiro
Guión: Antonio Caeiro.
Producción: Carlos Gey, Olympus Comunicación
Fotografía: Pedro García.
Montaxe: Rori Sáinz de Rozas.
Idioma V.O.: Galego

SINOPSE

Ao comezo da Segunda Guerra Mundial un mineral fíxose necesario para o Estado alemán: o volframio. Galicia converteuse no El Dorado para moitas persoas que procuraban diñeiro fácil ou simplemente un traballo naqueles duros anos da posguerra española. Mineiros, aventureiros, guerrilleiros, gardas civís e presos políticos, conviviron nos montes galegos e entrecruzaron as súas vidas. Esta é a súa historia contada polos propios protagonistas..

AILLADOS, A HISTORIA DA GUERRA CIVIL EN GALICIA



Cámara: Antonio Caeiro, Txema Rodríguez
Entrevistado: Manuel Barros
Guiónista: Antonio Caeiro, Juan A. González, Clara M^a de Saá
Montaxe: Antonio Caeiro, Txema Rodríguez
Música: Arturo Solar
Presentación ou locución: Ricardo Pita
Realización: Antonio Caeiro
Produtora: Buxo Produccións, Off Films. SL, Olympus Comunicación
Xénero: Documental
Duración: 59'
Orixe: Galicia
Ano: 2001
Idioma V.O.: Galego

SINOPSE

A historia do campo de concentración da Illa de San Simón (Ría de Vigo) durante os anos da Guerra Civil española (1936/39), contada polos seus protagonistas. Horas e horas de gravación en vídeo deron lugar a este documental no que se tenta reflectir a emoción e a traxedia daqueles anos. Un traballo de investigación planeado cunha metodoloxía de historia oral. Intervenían Carlos Casares, Alfredo Bautista "Reisiño", Teresa Blanco, Joaquín Nores, Heriberto R. Bermejo, Antonio Piñeiro, Antonio Salvador Caja, Manuel Barros, Ángel Fdez. del Río, Antonio Durán, Ildefonso Puente, Carlos Alonso.